



Folla de sala / Galego

A CIDADE ROMANA de LUCUS AUGUSTI

9-6

Coa conquista territorial e a posterior integración no sistema administrativo, a Gallaecia incorpórase ao Imperio Romano nos últimos anos do século I a. C. Neste contexto, a cidade de Lucus Augusti será fundada polo emperador Augusto en torno aos anos 15 – 13 a. C., ao tempo que as de Braga e Astorga.

Tras un momento inicial de planeamento e primeira execución, a cidade consolida a súa forma e organización baixo a dinastía flavia, a finais da primeira centuria, coa categoría de capital do Convento Xurídico Lucense que comprendía as terras da Gallaecia situadas ao norte da liña formada polos ríos Lérez e Sil. A construción da muralla a finais do século terceiro marca, pola súa banda, unha nova etapa na historia da cidade que rematará a súa condición de urbe romana dous séculos despois, concretamente o domingo de Pascua do ano 460, data da súa caída en mans dos suevos.

Ao longo destes cinco séculos Lucus Augusti intégrase plenamente nos modos de vida materiais e culturais romanos. Boa proba diso son os abundantes materiais arqueolóxicos rescatados no seu subsolo ao longo da historia e, en especial, a partir de 1986 coa implantación das escavacións sistemáticas.

A cerámica é o elemento mellor e máis abundantemente rexistrado nestas intervencións. Dentro desta categoría diferénciase a cerámica común, ben representada nas vitrinas. Este grupo inclúe as vasillas do servizo de cociña, mesa de diario, almacenaxe e usos varios, grupos integrados por olas, pratos, cuncas, xerras, vasos, fontes, tapadeiras, morteiros, etc., dentro dun amplo abano formal. A maior parte deste enxoval sería de produción local, realizándose nos numerosos fornos oleiros recuperados na banda NL da cidade romana. Un grupo característico sería o das cerámicas chamadas engobadas, recubertas dun inconfundible pigmento vermello.

Un segundo bloque, mostrado noutra das vitrinas, incluíría as cerámicas finas do servizo de mesa, encabezadas pola chamada Terra Sigillata, importadas e procedentes na súa meirande parte de Tricio (A Rioxa), realizada a molde, con formas lisas ou decoradas con relevos e recubertas na súa totalidade polo verniz vermello brillante que as caracteriza. A presenza de selos ou marcas de oleiros no seu fondo dá nome a esta produción (sigillum = selo).

Por outra banda, algunhas mostras musivarias (restos do mosaico da rúa Batitales, hoxe R/Doutor Castro e o mosaico da R/Armanyá na planta baixa) nos advirten dos modos e modelos decorativos das ricas casas do Lugo romano. Das olas/urnas cinerarias, contendo as cinsas do defunto, xunto coas aras funerarias expostas no claustro románico, dedúcense as formas e ritos funerarios. Exíbese tamén un conxunto de aras votivas, dedicadas a figurativos en mármore (cabeza de Faustina e Signifer), aos tipos escultóricos. Algúns materiais de bronce falan, pola súa banda, dos gustos no adorno e o aderezo persoal.



LA CIUDAD ROMANA de LUCUS AUGUSTI

9-6

Con la conquista territorial y la posterior integración en el sistema administrativo, la Gallaecia se incorpora al Imperio Romano en los últimos años del siglo I a.C. En este contexto, la ciudad de Lucus Augusti será fundada por el emperador Augusto en torno a los años 15 – 13 a.C., al tiempo que las de Braga y Astorga.

Tras un momento inicial de planeamiento y primera ejecución, la ciudad consolida su forma y organización bajo la dinastía flavia a finales de la primera centuria, con la categoría de capital del Convento Jurídico Lucense que comprendía las tierras de la Gallaecia situadas al norte de la línea formada por los ríos Lérez y Sil. La construcción de la muralla a finales del siglo tercero marca, a su vez, una nueva etapa en la historia de la ciudad que rematará su condición de urbe romana dos siglos después, concretamente el domingo de Pascua del año 460, fecha de su caída en manos de los suevos.

A lo largo de estos cinco siglos, Lucus Augusti se integra plenamente en los modos de vida materiales y culturales romanos. Buena prueba de ello son los abundantes materiales arqueológicos rescatados en su subsuelo a lo largo de la historia y, en especial, a partir de 1986 con el desarrollo de las excavaciones sistemáticas.

La cerámica es el elemento mejor y más abundantemente registrado en estas intervenciones. Dentro de esta categoría se diferencia la cerámica común, bien representada en las vitrinas. En este grupo se incluyen las vasijas del servicio de cocina, mesa de diario, almacenaje y usos varios, grupos integrados por ollas, platos, cuencos, jarras, vasos, fuentes, tapaderas, morteros, etc, dentro de un amplio abanico formal. La mayor parte de este ajuar sería de producción local, realizándose en los numerosos hornos alfareros registrados en la banda NE de la ciudad romana. Un grupo característico sería el de las cerámicas llamadas engobadas, recubiertas de un inconfundible pigmento rojo.

Un segundo bloque, mostrado en otra de las vitrinas, incluiría las cerámicas finas del servicio de mesa, encabezadas por la llamada Terra Sigillata, importadas y procedentes mayoritariamente de Tricio (La Rioja), realizada a molde, con formas lisas o decoradas con relieves y recubiertas en su totalidad por el barniz rojo brillante que las caracteriza. La presencia de sellos o marcas de alfareros en su fondo da nombre a esta producción (sigillum = sello).

Por otra parte, algunas muestras musivarias (restos del mosaico de la calle Batitales, hoy C/Dr. Castro y el mosaico de la C/Armañá en la planta baja) nos advierten de los modos y modelos decorativos de las ricas casas del Lugo romano. De las ollas / urnas cinerarias, conteniendo las cenizas del difunto, junto con las aras funerarias expuestas en el claustro románico, se deducen las formas y ritos funerarios. Se exhibe también un conjunto de aras votivas, dedicadas a diversas divinidades, que, a su vez, nos aproximan a las creencias religiosas. Las estelas bifrontes y los dos ejemplos figurativos en mármol (cabeza de Faustina y Signifer), a los tipos escultóricos. Algunos materiales de bronce hablan, por su parte, de los gustos en el adorno y el aderezo personal.